

Por unha escola futbolística galega

Cando un día o Celta ou o Deportivo, o Lugo ou o Ourense ou o Pontevedra xoguen o fútbol dunha determinada maneira; cando teñan un estilo propio e conten coa infraestructura axeitada —que deben propoñerse ter— para montar as súas escolas de fútbol-base, entón —e só entón— poderemos empezar a falar de fútbol de escola galega.

Sen esas condicións materiais non é posible hoxe en día expresar a sensibilidade lúdica e deportiva que está sempre latente en tódolos pobos do mundo. Así veu forxándose historicamente o estilo futbolístico arxentino, brasileiro ou británico, por exemplo.

Independentemente da universalidade da linguaxe futbolística, existen —como di César Luis Menotti— maneiras diferentes de expresar e interpretar o fútbol. Existen "diferentes ideoloxías", en frase de Maturana. Maneiras que están en consonancia coa idiosincrasia de cada país.

Nas épocas "heróicas" do pasado, as praias, os montes, as vagoadas, os descampados, as estradas sen tráfico..., case tódolos lugares non edificadas de Galicia, valían para unha certa práctica do fútbol. Eu recordo, por exemplo, os grandes partidos da praia de Silgar, en Sanxenxo. Teño visto fútbol de praias a oito, en Vigo. Fútbol nas campas dos ríos, nos montes de toxo baixo, nos solares suburbanos das nosas vilas. En fin, fútbol autodidacta, sin mestre ni referencias.

Pero todo eso non foi suficiente para consolidar unha maneira galega de xogar. Os grandes futbolistas galegos foron hasta agora unha especie de autodidactas xeniais, capaces das máis atrevidas improvisacións e, coma os nosos emigrantes, xentes cunha infinita capacidade de adaptación. Pahiño, Luis Suárez, Amancio, Miguel Angel, ... foron, nun primeiro momento, produtos case exclusivos de sí mesmos. Pero hoxe as cousas son distintas. A calidade que se precisa debe vir da cantidade ben coidada e atendida. A Real Sociedade de San Sebastián non sería o que é, simplemente, cos "maratóns" futbolísticos da praia da Concha. Conta, ademais, cunha escola formidablemente sostida, organizada e mimada. O mesmo se podería dicir de Lezama, en Bilbao.

Hai que poñer en marcha esas escolas, para que, algún día, algún poida dicir, contemplando as habilidades dalgún futbolista: "mira, ése xoga co estilo típico da escola galega de fútbol"....

HERMINIO BARREIRO

A educación física non é unha "maría"

□ Nova experiencia no F.P. de Vilagarcía

O "Boletín Deportivo" nace como consecuencia da gran participación dos alumnos/as do Instituto de Formación Profesional de Vilagarcía en competicións tanto externas como internas. A principios do curso pasado ocurriuseme que eu lle tiña que pasar ó alumnado: datas de partidos, clasificacións, convocatorias,..... poderíase encauzar a través dunha publicación, na que ademais poderían ir outros temas relacionados coa teoría do deporte, da educación física.... O mesmo tempo pensei que con esa publicación conseguiríanse unhas obxetivos pedagóxicos cós alumnos e as alumnas.

Periodicidade: Nun principio pensaba que o ideal era sacála al revista cada tres semanas, cō fin de que a información relativa a clasificacións e resultados non quedaran moi atrasados. Empezamos así, pero a medida que transcorría o tempo e a realización da revista era máis complicada, por mellorar a súa calidade establecemos a súa periodicidade mensual. Por outra parte, os medios para levar a cabo a publicación con máis asiduidade, eran escasos, pois a veces os ordenadores non estaban a nosa disposición, outras veces a fotocopiadora non respondía, a outras a colaboración dalgunhas personas ajenas ó grupo redactor non era a desexada.

Resultados: O caso é que gracias a unha constancia e a un empeño gradísimo non só meus, senón tamén dun reducido grupo de profesores e dunha serie de alumnos e alumnas que dende o principio se volcaron totalmente, saímos adiante, non só mellorando número a número a calidade, senón tamén enrolando cada vez a máis xente neste proxecto, de tal maneira que actualmente poden estar traballando directa ou indirectamente perto dun cento de persoas, si contamos as que traballan directa ou indirectamente

na redacción, no debuxo, na fotografía, nos ordenadores, etc....

Polo tanto, pódese dicir que os obxetivos cumpríronse amplamente e cada número que sae conta co respaldo da maioría de alumnado, que está desexando ver un novo número, e a pouco que nos retrasemos unhas semanas na publicación, a impaciencia é notoria.

Numero de exemplares publicados: O escomezarse o curso 89/90 sacamos o número cero, de baixa calidade, sin apenas fotos nin titulares, e dende ese momento viron xa a luz dez números máis, é dicir, a razón dun por mes, cunha calidade maior.

A tirada, por motivos económicos, limitouse a unhas sesenta ou setenta exemplares, pero a partires de agora xa temos decidido face-le de cento cincuenta exemplares.

Resposta a iniciativa: En principio, os gastos corren á conta do presuposto do departamento de Educación Física, máis pouco a pouco imos xuntando algunhas cartos, que recibimos de diversas axudas: a Consellería de Cultura fixo unha aportación e agora o Concello promete colaborar tamén economicamente.

Apa

Lamentamos que a nosa Apa, que é moi pobre, non nos tivera en conta o ano pasado; lamentablemente as luces dos seus componentes non captaron a importancia da publicación deste tipo, cecais a única a este nivel en tódolos centros de ensino de país. Agardamos que a nova Apa teña outras ideas.

Contido da revista: Esta revista ou "Boletín Deportivo" dos alumnos/as de F.P. ten unhas seccións fixas e outras variables. Entre as primeiras están as páxinas relativas a resultados e clasificacións das distintas actividades deportivas nas que participa o alumnado, tales como fútbol sá, atletismo, baloncesto, xadrez, voleibol, etc....

OBXETIVOS

Práctica para o alumnado

Esta revista esencialmente deportiva sería unha práctica para o alumnado de administrativo e secretariado, que se terían que encargar de mecanografiar os textos e traballar con ordenadores.

Por outa banda, sería unha revista na que os estudantes con vocación periodística, poideran dar saída a suas inquietudes realizando entrevistas, artigos, comentarios, traballos de redacción e mesmo denuncias de cousas que a eles non lles gustaran como funcionaban.

Asimismo, a miña idea era que a través deste "Boletín Deportivo" se animara os aficionados á fotografía non só a realizar reportaxes gráficas senón tamén a revelar as fotografías que ían sair en cada número da publicación.... en fin, unha serie de actividades que confluírán nesta publicación dunha forma interrelacionada e, polo tanto, de certo valor poedagóxico.



Debuxo de Xosé L. Bouzada (curso 2º).



Hai unha sección titulada: ¿Sabías que...? que elabora unha alumna e trata sobre a historia e as curiosidades dos distintos deportes. Outra sección que titulamos "Escola de..." trata da parte técnica e regulamentaria dos deportes. Una terceira "Revista de prensa" é unha recopilación de textos de prensa diaria que teñan relación co noso instituto, tal como competicións nas que participa o alumnado. Existe asimismo una sección de xadrez na que se desenrolan algunhas partidas importantes, ben do campionato do centro ou de partidas dos grandes mestres e outra edicada á medicina deportiva que presente o estudo de prevención e tratamento das lesións deportivas máis frecuentes. En cada número realízanse varias entrevistas cos rapaces e rapazas do noso centro que destacan en deportes, ou con personas que teñen algo que dicir en relación a nós, caso do concellal de Deportes, doa adestradores equi-

pos nos que participa os nosos deportistas...

Finalmente, publicamos artigos de denuncia como críticas as instalacións accesos as mesmas, falta de material, etc....

Obxetivos e necesidades inmediatas: Nestre intre pensamos que estamos nun aceptable nivel de calidade respecto ó contido e á forma, pero non estamos tanto respecto á parte técnica da impresión. Da pena ver coma un traballo tan ben concebido é maltratado depois pola pouca calidades de fotocopiadora.


Necesitamos urxentemente unha impresora láser, para que o noso traballo non perda forza nin calidade. O noso director expúxolle este tema ó coordinador de F.P., pero éste debe ter cousas máis importantes que facer e segue a dar largas ó tema. Parece que non lle interesan estas actividades culturais, ou si lle interesan, disimúlaos moi ben.

PEPE CASTAÑO

Xosé M. Cid cesa como coordinador

O profesor de Pedagogía da Facultade de Humanidades de Ourense, Xosé Manuel Cid Fernández, quen dende fai tres anos ven coordinando a publicación "Na Escola", deixa esta labor por falta de tempo, debido á presentación de súa candidatura a alcaldía de Ourense polo PSG-EG. A pasada semana declabada a este diario que durante os tres anos o Consello de redacción intentara crear un instrumento de renovación pedagóxica aberto a tódolos ensinantes galegos, contando co apoio de Nova Escola Galega.

Xosé Manuel Cid remata así unha terceira etapa de divulgación das novas ideas pedagóxicas na prensa.




Xosé Manuel Cid.

"Os museos están literalmente sentados sobre minas de ouro de material educativo que podería axudar a fomentar a crecemento cognitivo, estético e cultural dos nenos". (F. Taylor, 1978).

Dende o pasado día 15 de marzo e ata o 14 de abril expúxose no Museo de Pontevedra, en concreto na sá Sarmiento, unha suxerente colección de xoguetes que compoñen a famosa colección de xoguetes de Payá, procedente do Museo de la Juguina, de Ibi (Alicante).



Algúns xoguetes presentes na exposición.



Vellos xoguetes no museo: ideas pedagóxicas

□ No Museo de Pontevedra expúxéronse pezas da colección Payá

Durante ese tempo tamén se presentaron diversos artigos e reseñas periódicas de procedencia local, provincial e galega, que incitan ós lectores a visita-la exposición, así como á lembranza e á morriña da infancia de quen se recrearon con estes inxeniosos xoguetes.

A exposición naceu como froito dos merecidos intentos de persoas inxeadas, próximas ó Museo de la Juguina, e do financiamento da Deputación e da Unión e Fénix.

O edificio Sarmiento, antigo colexio da vila durante o século XVI e na actualidade dependencia do Museo, expón, entre outras importantes coleccións de epigrafía romana, cerámica, popular e pintura galega contemporánea. Nunha das súas plantas superiores, no claustro rectangular, e en vitrinas de cristal, atopábase as 147 pezas de xoguetes da colección Payá.

A información sobre a exposición recóllese nun estético catálogo tituado "Vellos xoguetes" (Antigua Colección Payá), acompañado das aportacións sobre "o xoguete ó longo da historia", elaborado por Inmaculada Giner, conservadora del Museo de la Juguina, así como

unha selección de imáxes representativas da colección e, como remate, a relación nominal de cada unha das súas pezas. En todo o tempo de exposición podía visitarse diariamente de 6 a 9 da tarde, para ó público en xeral, que acude en grande número. As solicitudes realizadas dende grupos escolares e outros colectivos tiñan o seu horario reservado e supuxeron tamén unha forma de participación na actividade con moito interese dende a punto de vista pedagóxico.

Público

O tipo de público que se achegou a exposición pertencía en grande medida ó sector que noutros tempos xogara con estas, agora, "pezas de Museo". En moitos casos acompañados de seus fillos e netos, ós que lle ofrecían explicacións minuciosas, exercendo de pedagógos espontáneos.

As visitas dos escolares acadaron unha media diaria duns catrocentos, de diferentes niveis, dende os correspondentes a primeiras idades, garderías e educación infantil até os de EXB, BUP e FP. Non só de

Pontevedra, senon tamén doutras zonas de Galicia e fora dela, coa vantaxe de poder aproveitar-las vacacións de Pascua.

Moitos destes grupos escolares viñeron o Museo guiados polos seus docentes, en ocasións para observar e investigar e noutros motivados polo interese da mesma, ou ben como complemento da exposición teórica previa impartida no aula, e outras para conquistar a síntese dun estudo xa iniciado.

Os xoguetes, que compoñen a colección procedente do Museo de la Juguina, suman un total de 147, moitos pertencentes a creacións nacionais de Payá, Rico e Jyesa, outros procedentes de puntos internacionais como Alemaña, Francia, EE.UU., Xapón e Inglaterra. Podemos facer unha sinxela clasificación dos xoguetes expostos.

O noso obxectivo céntrase en plasmar os tipos de xoguetes máis característicos da época. Aínda que sen pretensións sistemáticas, interéstanos observar a diferenza existente entre os xoguetes destinados para un e outro sexo.

CARMEN PEREIRA DOMINGUEZ

Breve aproximación á colección Payá

Achegámonos ó seu coñecemento a partir dos datos históricos ofrecidos no catálogo pola conservadora do Museo de Ibi, Inmaculada Giner. A evolución que experimenta o xoguete dende a antigüedad até o século XVIII é pouco significativa, producíndose escasas anovacións en canto ás súas técnicas, así como no grabado ou modelado de metais.

Dende ó século XIX experimentábase notabeis cambios na industria xogueteira, como consecuencia do progreso industrial e os novos descubrimentos e invencións. Alemaña e Francia destacan como principais focos no desenrolo desta industria, adquirindo gran calidade.



Na España, a etapa brillante do xoguete sitúase entre os anos 1918 e 1936, aínda que xa a finais do século pasado, no País Valenciá detectáronse núcleos de importante pulo industrial.

En Ibi, Alicante, fúndase a nomeada fábrica nacional de xoguetes de lata, que leva o nome de "La sin rival-Payá Hermanos". Os modelos da súa primeira etapa caracterizábanse polo sinxeleza, predominando a pintura a man, mesturada con latas de cores e metálica, para pasar posteriormente á lata impresa por litografía. Anos máis tarde, en 1915, algúns operarios separándose da fábrica e instaláronse por conta propia, creando en 1922 unha nova empresa "Verdú, Rico e Cía.". -La Hispánica Artística-, que o cabo de catro anos chamaráse "Rico S.A.", que compite con "Payá Hermanos", permitindo o incremento da calidade dos produtos. Ambalás dúas teñen que competir con novas casas, tales como "San Juan y Cía." ou "Pico y Cía.", fusionadas entre si no 1936, dando lugar a "Juguetes y estuches, S.A.-Jyesa".

O cumio da empresa "Payá Hermanos" chegou polos anos trinta, creándose perto de mil variedades de xoguetes, que van dende cociñas, xoguetes de praia, até trens e coches de grande prestixio. Trátase dunha etapa orixinal e creativa, que contrasta coas anteriores e posteriores, debido neste caso ó impacto da Guerra Civil. Despois de 1939 hai un periodo de repetición e falla de inxenio creativo na industria xogueteira. E á partires dos anos 50 cando sofre a principal crise, debida ó descubrimento de novos materiais como o plástico e as máquinas de inxección, xurdindo así fábricas de xoguetes que elaboran os seus modelos cos materiais recentes e pouco a pouco os perfeccionan.

Tipoloxía de xoguetes

Animais	Caixas	Chapas litográficas	Medios de transporte	Musicais	Outros	Persoaxes-Profesionais
<ul style="list-style-type: none"> • Cabalo • Parrulo • Lagartixa • Can salchica • Pavo • Tartaruga • Cisne ou ciño • Burro • Mono • Can • Elefante de circo • Cabalo de carreira • Cabalo con carro • Cabalo con xinete • Cans con arrastre • peto con páxaro 	<ul style="list-style-type: none"> • Camión • Coche 	<ul style="list-style-type: none"> • Camionetas • Soldados • Barco de España 	<ul style="list-style-type: none"> • Tren • Camión • Motopolicia • Avión • Hidro-avión • Avión-Caza • Avioneta • Cohete • Naves • Barco • Coches variados • Tranvia • Barcos variados • Submarino • Pista autobuses • Tanque • Autobús • Apisonadora 	<ul style="list-style-type: none"> • Tambor • Trompeta • Armónica • Piano • Silofón 	<ul style="list-style-type: none"> • Xogos de arrastre • Proxector cine • Pozal • Axouxeve • Tartana • Tobogán • Xogos Praia • Trompo 	<ul style="list-style-type: none"> • Malabarista • Paiazo • Xogo de oficios • Mozo de gran hotel • Caixa de soldados • Andaluz a cabalo • Moneco tocando piano



Tódolos xoguetes da exposición pertencen á colección de Payá.

O importante papel didáctico dos museos

□ "Non hai nada como o contacto cos obxectos reais"

A visita ós museos pode ofrecernos unhas grandes posibilidades didácticas. Por iso imos presentar algunhas reflexións que reafirman o papel primordial que representan os museos.

- Permiten un plantexamento interdisciplinario da aprendizaxe.
- Inculcan o desexo de aprender.
- Posúen a capacidade de afectar informacións e materiais de xeito atractivo.
- Desenvolven a capacidade imaxinativa e creadora axudando a estimular a sensibilidade.
- Afirmase a utilidade de intervención educativa e a necesidade de establecemento de recursos humanos e materiais axelados.
- Representan entidades vivas ó servizo da sociedade
- Funcionan coma un servizo educativo organizado, con personal especializado.
- A existencia dos departamentos ou equipos pedagóxicos potencian a súa dimensión

educativa.

- Favorecen a participación dos seus visitantes o plantexan cuestións.

Obxectos reais

"Os museos afirman con propiedade que non hai nada como o contacto cos obxectos reais para proporcionar un impacto permanente na aprendizaxe, ne vez das descripcións por medio de palabras ou imáxes en libros ou nunha pantalla" (E.W. Newton, 1974)

Dende ó ámbito pedagóxico aconséllase que os nenos dende os primeiros niveis escomenzan a visitar museos e se familiaricen con esta actividade como recurso para educar na sensibilidade estética infantil. A saída fora da aula constitúe un elemento fundamental no proceso da aprendizaxe e necesita unha planificación previa.

Así podemos establecer as seguintes etapas:

1.- Fase de preparación:

- Contactar co departamento

ou personal do museo.

- Coñecer o tipo de museo a visitar.
- Recabar información sobre o museo (gráfica e bibliográfica).
- Enfoque didáctico da visita: determinar os obxetivos (estudar, completar, desenvolver un tema) e preparación da visita no aula (determinar os tempos, formular as posibles actividades a realizar e preparar unha guía informativa).



2.- Fase de realización-Tipos:

- Visita conferencia (o profesor e informador, as explicacións son curtas, con grupos reducidos, obxectos concretos a observar e tempo)
- Visita descubrimento (centrada no alumno, grande dedicación a fase preparatoria na aula, planificación das actividades concretas e elaboración dunha guía)

3.- Fase de avaliación:

- Realización de actividades na clase en grupos.
- Análise e valoración do desenvolvemento da saída.

CP.



VELLOS XOGUETES

(ANTIGUA COLECCIÓN PAYÁ)



Guía da exposición.

Para saber máis debe recurrirse á bibliografía

- Colom, A.J.: "Modelos de intervención socieducativa". Narcea. Madrid
- De Guzman, M.: "Desarrollo de la expresividad a través del juego", en Major, J. 61985): "Psicología evolutiva". Anaya. Madrid.
- Filgueira Valverde, J.: "Guía breve del Museo de Pontevedra". Diputación provincial de Pontevedra.
- García Bayón, C.: "El Museo de Pontevedra expone los juguetes de la infancia, que avivan la memoria y la nostalgia del tiempo". La Voz de Galicia. Domingo, 24 de marzo de 1991.
- Unesco (1990): "Sobre el futuro de la educación". Narcea.

□ EDITORIAL

Publicación deportiva do Instituto de FP de Vilagarcía

Hola, benvidos a número cero dun boletín que pretende recoller aquilo que en materia deportiva se desenrola no centro de Formación Profesional de Vilagarcía. Farto de colgar papeis pensei que éste é o mellor camiño para que todos teñamos un espacio en donde se poida seguir a marcha dos campionatos, con clasificacións, resultados, goleadores e outros aspectos relativos a propia competición.

Por suposto que non faltará un espacio para algunha colaboración que calquera de vós considere interesante facerlle chegar ós compañeiros, nese caso estaremos satisfeitos de publicala. Tamén encontraredes nestas páxinas aspectos relacionados ca esencia e técnica dos deportes tanto a nivel de práctica como de organización, e para escomenzar podedes encontrar un tema interesante relativo a este último apartado. O boletín sairá cunha periodicidade quincenal e será repartido de forma gratuita entre os representantes de equipos e modalidades deportivas, en número de exemplares suficiente para que ninguén quede sen recibilo.



Os escolares deben practicar o deporte.

Sabemos que contamos neste centro con unos deportistas extraordinarios que respondes de maneira inigualable a cantas iniciativas vos propoñemos, e por eso tratamos de estar a vosa altura, aínda que resulta difícil, e por esa razón, ademais do fenomenal comportamento en materia de deporti-

vidade que mantúvedes perante o derradeiro curso, sin un leve desprante ou falta de corrección, o grupo organizador acordou esquencen, aquelas sancións que o deportista arrastrase de cursos anteriores.

Quero que esta benvida sexa especial para as alunas e alumnos de primeiro, para que se

animen e que elixan aquel deporte que máis lle guste, (tanto a nivel individual: atletismo, tenis de mesa ou xadrez, como dun xeito coletivo...). A participación pode ser no campionato interno e tamén representado ó noso centro nos distintos equipos que compiten en campionatos intercentros e interescolares. E non sólo se pretende que se compita, senón que se faga deporte e se aprendan fundamentos dos mesmos, por eso neste curso seguiremos incorporando entrenadores e propoñendo cursillos para facer monitores e árbitros. Por outra banda, aínda que a casi todos nos gusta a victoria, non esquezamos que a corrección é o máis importante como demostra o equipo de fútbol "Sporting Carallás" no paso ano en que foi goleado e palizado por todos, pero mantivo o tipo hasta o final e fíxose acreedor ó Trofeo Especial a Deportividade. Nora boa chavales.

Finalmente, ós colabouradores deste boletín, que responderon como a sempre cando lles fixen a invitación á participar, simplemente, gracias.

PEPE CASTAÑO
(Nº 0. 8-X-89)

Canto máis vivo sintas o teu corpo máis presente estarás neste mundo

O exercicio físico, unha forma de vida

□ Axuda a reducir a tensión, nunha sociedade cada vez máis difícil

"Si polderamos dar a cada individuo a cantidade xusta de alimentos e de exercicio, nin pouco nin demasiado, teríamos encontrado a forma máis segura de saúde" (Hipócrates, 460-377 a Cristo).

Iniciamos aquí unhas cantas consideracións sobre o exercicio físico. Así a bote pronto surden algunhas preguntas: ¿Por qué se afana tanto a xente en coirdar a forma física? ¿Só porque lles preocupa a súa saúde e queren vivir máis anos? ou ¿hai algo máis detrás de todo isto?

Algúns psicólogos ven isto como unha forma de narcisismo, ou sexa, de culto esaxerado ó noso propio corpo. E baséanse no uso de atuendos innecesarios como chandals caros, que pasaron de ser de uso deportivo, a roupa de paseo para a xente que xamais practicou deporte, por exemplo. Pero estes mesmos psicólogos encontraron varias razóns para esta forma de "narcisismo".

Por unha banda está o estrés. Dedicar o noso tempo libre a embellecer o noso corpo axúdanos a reducir a tensión, nunha sociedade cada vez máis industrializada e difícil. Por outra banda, o home confía cada vez menos en cousas que antes ofrecían moita seguridade, pertencen a un clan familiar, determinado... a relixión... nin

siquera podemos confiar na natureza, xa que os boscos seguen a destruírse, o ozono agranda o seu burato con descoñecida rapidez. Así pois, para moitos o último reducto de satisfacción está en acadar o benestar do seu corpo. E certo que tamén temos espírito, pero do único que podemos estar seguros é do corpo. Si éste se perde estamos mortos.

Poñelo en forma

Entonces non está demasiado coídalalo e embellecelo, poñelo en forma. Eso non quere decir que descoidemos a alma, espírito ou mente... Todo o contrario, a satisfacción de poseer un corpo sán e ben coirdado repercute tamén no noso benestar emocional. Canto máis vivo sintas o teu corpo, máis presente estarás neste mundo.

Pero unha cousa é practicar exercicio de maneira esaxerada, con finalidade exhibicionista, caso dos culturalistas, para os que o xinasio é a súa segunda casa; e outra cousa é practicalo para estar en forma e coirdala saúde. E aínda para os que o practican con estas intencións hai moitas formas de facelo.

Nº 10 (Decembro do 90)

□ NOVAS

Movilizacións de pais no Colexio de Prácticas

Os pais de alumnos do Colexio de Prácticas levarán a cabo unha serie de mobilizacións para chamar a atención sobre o lamentable estado no que se atopan as instalacións do centro.

Esta decisión foi tomada tras unha reunión mantida co delegado provincial de Educación. A conclusión desta reunión foi que o tema debería de quedar aplazado até que se solucionaran outros problemas prioritarios para a Delegación como o do conservatorio, Escola de Maxisterio, etc., o que suporía un retraso de dous a tres anos aproximadamente.

Como primeira medida hoxe pais e alumnos pararán por espacio dunha hora—de dez a once da mañá— e farán una manifestación no patio do centro.

Amplio programa de competicións deportivas

O equipo de baloncesto do Campus de Ourense proclamouse ganador da fase final de baloncesto feminino universitario celebrada no Pazos "Paco Paz", coa participación de equipos de Vigo, Pontevedra e Ourense. En segundo lugar quedou clasificado o equipo representante de Belas Artes de Pontevedra.

En canto o fútbol hai que decir que hoxe, as 12 da mañá, disputase, no campo de Samil, o partido de ida da final masculina do campionato futbolístico entre a Facultade de Humanidades de Ourense e o equipo representativo do Campus de Vigo.

O partido de volta disputase en Ourense o vindeiro día 23.

Finalmente, hai que reseñar que os días 25 e 26, tamén do presente mes, disputarase na cidade de Vigo a fase final masculina e feminina correspondente os seguintes deportes: fútbol sá, balonman, baloncesto e boleivól. Ourense tendrá representación en todas as categorías.

NA ESCOLA

Consello de Redacción:

Mercedes Suárez Pazos;
Antonio Fernández Pereira;
Mercedes González Sanmamed;
David Cortón; Cecilia Bello Rodríguez;
Manolo Bragado; Xesús Rodríguez Jares e Xoán M. Andrade.

Colabora:

Nova Escola Galega.

GARABULLINO



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

